

PLAN DE ACOLLIDA
CURSO 2021/2022

CPR CONCEPCIÓN ARENAL

Setembro 2021

ÍNDICE

1. Introducción. Páx.3

2. Acollida do alumnado o primeiro día de clase. Páx.3

3. Novas normas de organización e funcionamento do centro. Páx.5

3.1 Entradas, saídas e horarios. Páx.5

3.2 Uso de máscara. Páx.6

3.3 Autorizacións. Páx.6

4. Actuacións de prevención, hixiene e protección. Páx.7

5. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

5.1 Aulas virtuais e ensino a distancia Páx.8

6. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión. Páx. 8

1. INTRODUCCIÓN

Atendendo as Instrucións das autoridades educativas e sanitarias é necesario seguir mantendo un plan de acollida específico para o reinicio da actividade lectiva presencial no curso 21-22.

Así mesmo, atenderase á situación de equilibrio persoal e emocional do noso alumnado e impulsaranse as actividades e actuacións relacionadas ca prevención, protección e hábitos de vida saudables.

No centro seguimos escrupulosamente todas as medidas ditadas polas autoridades educativas e sanitarias, recollidas no Plan de adaptación á situación COVID e no Plan de continxencia.

Pódese atopar toda a información no Espazo Covid da nosa web.

2. ACOLLIDA DO ALUMNADO O PRIMEIRO DÍA DE CLASE

Para o primeiro día de clase establecéronse quendas distintas para os diferentes grupos. Non está permitida a presenza dos proxenitores no interior do centro, agás en Ed. Infantil. O alumnado entrará no centro, sempre con máscara, e será recibido polos seus titores que se dirixirán cos seus grupos ás aulas.

Haberá xel hidroalcohólico, desinfectante, panos desbotables, papeleiras con pedal e alfombra desinfectante en cada entrada.

Solicítase puntualidade para evitar aglomeracións na beirarrúa de acceso ao centro.

A actividade lectiva comezará no horario habitual **o día seguinte**.

HORARIO ENTRADA E SAÍDA 1º DÍA DE CURSO

CURSO	ENTRADA*	SAÍDA*	PORTA DE ENTRADA E SAÍDA
INFANTIL			
4º Infantil DÍA 9/09	1ª Quenda: 11.30h a 12.15h 2ª Quenda: 11.45h a 12.30h		HALL PRINCIPAL DO COLEXIO
5º Infantil DÍA 9/09	11.15h	12.00h	
6º Infantil DÍA 9/09	11.00h	11.50h	
PRIMARIA			
1º Primaria DÍA 9/09	10.15h	11.05h	HALL PRINCIPAL DO COLEXIO
2º Primaria DÍA 9/09	10.00h	10.45h	
3º Primaria DÍA 9/09	10.00h	11.00h	PORTALÓN VERMELLO
4º Primaria DÍA 9/09	10.15h	11.15h	
5º Primaria DÍA 9/09	10.30h	11.30h	
6º Primaria DÍA 9/09	10.45h	11.45h	
ESO			
1º ESO DÍA 15/09	10.00h	10.40h	PORTALÓN VERMELLO
2º ESO DÍA 15/09	10.10h	10.50h	
3º ESO DÍA 15/09	10.20h	11.00h	
4º ESO DÍA 15/09	10.30h	11.10h	

3. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

3.1 ENTRADAS, SAÍDAS E HORARIOS.

- As entradas e saídas están sinalizadas.
- A entrada e saída do centro será polas portas de acceso indicadas. A comunidade educativa deberá gardar a distancia mínima de 1'2 metros.
- Para a entrada ao centro, o alumnado que chegue con antelación e co fin de evitar agrupamentos, dirixirase a súa aula e esperará no seu posto ao comezo das clases vixiado polo profesorado co que teñan clase á primeira hora.
- O alumnado que chegue tarde terá que agardar no posto correspondente ao seu grupo e esperar a que entre o último grupo para subir á súa aula.
- En ningún caso o alumnado pode estar en agrupacións nos corredores, recibidor, portas das aulas,...
- Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. En todo caso, as familias, se a presencialidade é imprescindible, accederán ó centro en horario non coincidente con entradas, saídas ou recreos e podendo ser, sempre con cita previa.
- Todo o centro está sinalizado con frechas indicativas cos percorridos de ida e volta, perfectamente delimitados.
- En todos os andares e ciclos hai timbres para que todos os grupos realicen as súas saídas nos tramos horarios indicados.
- Os cursos sairán de forma ordenada. Comezará a saír o grupo máis próximo á porta de saída.
- Dentro da aula sairá en primeiro lugar a ringleira máis próxima á porta, despois a segunda, e así sucesivamente, respectando a distancia de seguridade sempre en orde de lista, tanto para entrar como para saír.
- Ao chegar a aula ventilarase polo menos uns 15 minutos ou se as condicións metereolóxicas o permiten todo o tempo posible. Desinfectaranse os pupitres e as cadeiras e procederase á revisión das normas de hixiene e prevención

- Á saída da xornada escolar, non se permite que o alumnado quede formando agrupacións ou xogue nos patios. Prégase ás familias que eviten formar agrupacións na vía pública, fóra do recinto escolar.
- O alumnado debe deixar o seu material recollido a última hora e prepararse para saír de forma ordenada e respectando a distancia de seguridade no horario establecido, sempre previa desinfección dos pupitres e cadeiras e hixiene de mans.
- Nas comunicacións verticais o uso do elevador queda limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade, que deberán usar máscara.

3.2 USO DA MÁSCARA

É recomendable o seu uso na etapa de E. Infantil e obrigatorio a partir do cumprimento dos 6 anos de idade así como o cumprimento das medidas hixiénico sanitarias contempladas no Plan de adaptación do colexio á situación COVID, sen prexuízo das excepcións contempladas na lei para as persoas vulnerables.

É obrigatorio ter unha segunda máscara de reposto na mochila e un pequeno estoxo para gardar a máscara, en caso necesario. Esta máscara de reposto estará gardada no Kit de seguridade que todo o alumnado ten que traer (máscara de reposto, xel hidroalcohólico, auga, panos desbotables)

3.3 AUTORIZACIÓNS

Durante os primeiros días de clase o alumnado levará diversas autorizacións, que serán asinadas, se é o caso, polos proxenitores ou titores legais e devoltas ó titor/a o antes posible (declaración de saúde responsable, uso de dereitos de imaxe , uso de plataformas educativas,...).

É importante que fagan unha lectura detallada de todos os impresos e consulten calquera dúbida no centro, xa que este curso é especialmente importante que toda a comunidade educativa cumpra rigorosamente as instrucións dadas polas autoridades sanitarias e educativas.

4. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

O alumnado debe acceder ó recinto escolar con máscara.

O centro conta co Equipo COVID e aulas COVID nos dous edificios.

Privilexíaranse as reunións de coordinación telemáticas cas familias.

Para minorizar os posibles riscos, destacamos as seguintes accións e medidas:

- ✚ Reasignación de aulas e espazos.
- ✚ Aforos limitados en todos os espazos (biblioteca, aulas, aseos, cafetería...)
- ✚ Pantallas de metacrilato.
- ✚ Portas de entrada e saídas diferenciadas para todo o alumnado.
- ✚ Quendas horarias de entrada e saída para os diferentes cursos.
- ✚ Distancia de pupitres nas aulas ordinarias de 1'5 metros.
- ✚ Reloxos sincronizados nas aulas e outros espazos.
- ✚ Xel hidroalcohólico, papeleiras de pedal, panos desbotables... en todos os espazos educativos.
- ✚ Espazos diferenciados nos recreos para os distintos cursos.
- ✚ Postos fixos nas aulas.
- ✚ Titorías telemáticas ou telefónicas
- ✚ Medidas de limpeza e hixiene reforzadas.
- ✚ Cartelaría.
- ✚ Separación do alumnado e profesorado dos dous edificios que conforman o centro a través de quendas horarias, nos espazos comúns.

Ver o Plan de adaptación á situación COVID, para unha explicación pormenorizada de todas as medidas.

5. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

5.1 Aulas virtuais e ensino a distancia.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

No caso do alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica.

Corresponde á Comisión TIC colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual e colaborará cos compañeiros que teñen maior dificultade na implantación da mesma.

Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os grupos de cada clase para as distintas materias, dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado os códigos de cada materia para poder acceder á aula virtual.

A aula virtual, os grupos, e os usuarios (profesorado e alumnado) Terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino presencial, semipresencial e a distancia.

Manteranse abertas as aulas virtuais durante todo o curso, independentemente da situación sanitaria.

Nas programacións didácticas están previstas as medidas de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Inclúense os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Para o ensino a distancia o centro ten habilitada a aula virtual na seguinte dirección:

<https://new.edmodo.com>

6. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

O primeiro día, cada grupo estará co seu titor ou titora que, explicará os puntos principais do Plan de acollida e adaptación a situación COVID, ademais de dar os horarios e os documentos que o alumnado debe entregar aos seus proxenitores ou titores legais.

Continuarase con esta labor durante as primeiras semanas e todo o profesorado colaborará na difusión e coñecemento do Plan de adaptación.

Durante as primeiras semanas o profesorado estará atento a desenvolver dinámicas de aula que atendan á educación emocional, permitindo expresarse aos nenos e nenas sobre as situacións vividas durante o confinamento, expresión dos seus sentimentos ou estados de ánimo, medos, preocupacións...

Este plan está suxeito a posibles cambios derivados das instrucións, e indicacións das autoridades educativas e sanitarias. Rogamos a toda a comunidade educativa que permaneza atento a web do centro.